

## A Inspección de Traballo e Seguridade Social de A Coruña ratifica a contratación fraudulenta en Amarante Setem

Â

### Un novo despedido na ONG recoñecido pola inspección de traballo como improcedente

Â

En setembro do ano pasado a ONG Amarante Setem protagonizou un dos conflitos laborais máis sonados entre a esquerda social galega, ao despedir improcedentemente á súa única traballadora indefinida baixo a reforma laboral arquitectada polo capital e os seus xestores, coa total connivencia do sindicalismo domesticado.

A partir deste feito -anticipado polo proceso de organización das traballadoras fronte aos incumprimentos laborais verificados e as frustradas tentativas de atallalos mediante a vía do diálogo coa directiva- a entrada en escena das centrais sindicais CUT e CGT abriu a caixa de pandora das prácticas de xestión de persoal desta asociación, revelando a deriva empresarial adoptada pola mesma.

### **Vulneración da legalidade laboral mínima, non aplicación dos convenios de referencia, contratación fraudulenta, fraude á seguridade social, inequidades salariais, negativa á negociación colectiva...**

Todas estas tropelías, que veñen sendo denunciadas polas centrais sindicais durante os últimos seis meses, dan mostras non só dunhas nefastas prácticas laborais, impensables nunha entidade co halo "progresista" como é o caso da que nos ocupa, senón dunha total falta de ética e do baleiro que resulta o seu discurso unha vez coñecido o seu recente historial de atropelos nos dereitos das traballadoras.

Así, **logo de que se notificara a investigación por parte da autoridade laboral competente dos incumprimentos detectados e denunciados no seu día, produciuse o segundo despedimento improcedente no seo desta asociación**, malia que esta quixera encubrilo como un cese de contrato. Para tal, empregou o mesmo modus operandi adoptado no mes de setembro cando despediu a súa primeira traballadora: outorgar vacacións por un período superior ao que correspondía por lei ata a data de finalización do contrato co ánimo de que a traballadora non regresase ó centro de traballo, retirada inmediata das chaves do mesmo centro de traballo e dos contrasinais das contas de correo electrónico (principal ferramenta de traballo).

Este comportamento denota a principal motivación destes ceses que non foi outra que eliminar a reivindicación e a defensa dos dereitos das traballadoras do seo desta organización. Unha vez máis estamos ante unha práctica extendida entre a patronal mais pouco propia dunha entidade que enarbola a bandeira da defensa dos dereiros laborais e humanos nos países do Sur.

Pese ao despedimento da compañeira e do esfacelamento do plantel que ousou cuestionar as prácticas laborais da organización, o conflito en AMARANTE Setem obtén a ratificación pola **Inspección de Traballo e Seguridade Social da Coruña da contratación fraudulenta e recoñecemento da improcedencia do despedimento**, alén da confirmación, subsanación e correspondente penalización por outros incumprimento entre os que destaca o **fraude** á seguridade social.

Este vinculábase á rebaixa nas cotizacións das traballadoras e introdución dunha cuantía non cotizable nas nóminas baixo a forma dun plus, sen que se especificara o concepto do mesmo, incurindo polo tanto nunha clara vulneración legal e no conseguinte empeoramento da protección social das traballadoras (incapacidades, seguro desemprego e demais pensións da seguridade social).

O panorama complétase coa actitude que a organización ven mantendo ao longo de todo o conflito, e que nas últimas semanas volveu a lucirse cun novo intento de fracturar a unidade entre as traballadoras no xeito de plantexar unha posíbel negociación, tratando así de diluír un conflito que sempre defendemos como colectivo ao atentar contra os dereitos de todo o plantel.

Chegadas a este punto, no que a xudicialización do conflito é xa unha realidade debido á pouca disposición da directiva de

AMARANTE Setem á negociación e ao diálogo e aos seus reiterados intentos de pisotear a dignidade das súas traballadoras, as centrais sindicais CUT e CGT non abdicarán de seguir coas accións de mobilización necesarias para trasladar á cidadanía a verdadeira cara de organizacións que se agochan tras a careta do progresismo de salón.

**Porque non se poden recoñecer dereitos no Sur e negalos no Norte!**

**CONTRA OS ATROPELOS LA BORAIS E A PRECARIIDADE NAS ONGÁ'S!!!**

**ESTA XANELA ÍMOLA PECHAR!**